

Artigo primeiro. *Modificación da Lei orgánica 10/1995, do 23 de novembro, do Código penal.*

Un. A rúbrica do capítulo IV do título XXI do libro II da Lei orgánica 10/1995, do 23 de novembro, do Código penal, queda redactada nos seguintes termos:

«Dos delitos relativos ó exercicio dos dereitos fundamentais e liberdades públicas.»

Dous. Queda suprimida a sección 3.^a do capítulo IV do título XXI do libro II e sen contido o artigo 527 do Código penal.

Tres. A rúbrica do capítulo III do título XXIII do libro II do Código penal, do que se suprime a súa división en seccións, terá a seguinte redacción:

«Do descubrimento e revelación de segredos e informacións relativas á defensa nacional.»

Catro. Queda sen contido o artigo 604 do Código penal.

Artigo segundo. *Modificación da Lei orgánica 13/1985, do 9 de decembro, do Código penal militar.*

Un. A rúbrica do capítulo III do título VI do libro II da Lei orgánica 13/1985, do 9 de decembro, do Código penal militar, queda redactada nos seguintes termos:

«Delitos contra o deber de presenza.»

Dos. Queda derogado o artigo 119 bis do Código penal militar.

Tres. O artigo 120 do Código penal militar queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 120.

Comete deserción o militar profesional ou o reservista incorporado que, con ánimo de subtraerse permanentemente ó cumprimento das súas obrigas militares, se ausentar da súa unidade, destino ou lugar de residencia. Será castigado coa pena de dous anos e catro meses a seis anos de prisión. En tempo de guerra será castigado coa pena de prisión de seis a quince anos.»

Disposición transitoria única. *Efectos retroactivos.*

No prazo de seis meses desde a entrada en vigor desta lei orgánica, os xulgados e tribunais competentes, de oficio ou por solicitude de parte e logo de audiencia do Ministerio Fiscal, revisarán as sentencias condenatorias firmes e non executadas totalmente dictadas como consecuencia dos feitos que en virtude desta lei orgánica deixaron de ser delito.

En todo caso, serán cancelados de oficio, logo do informe do xuíz ou tribunal sentenciador, os antecedentes penais derivados destes delitos incluso no suposto de sentencias totalmente executadas.

De igual modo, serán sobresidos e arquivados de oficio os procedementos penais incoados por tales feitos nos que non recaese sentenza firme.

Disposición derogatoria única.

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ó establecido nesta lei orgánica.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Esta lei orgánica entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,

Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumbran e fagan cumprir esta lei orgánica.

Madrid, 22 de maio de 2002.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

9849 *CORRECCIÓN de erros da Lei 22/2001, do 27 de decembro, reguladora dos Fondos de Compensación Interterritorial. («BOE» 123, do 23-5-2002.)*

Advertido erro na Lei 22/2001, do 27 de decembro, reguladora dos Fondos de Compensación Interterritorial, publicada no «Boletín Oficial del Estado», suplemento número 1 en lingua galega, do día 1 de xaneiro de 2002, procédese a efectua-la oportuna rectificación:

Na páxina 129, segunda columna, no artigo 5.1.3), onde di:

« $T_i = rF_n_i [1 - (\bar{R}_i/R)]$ »

debe dicir:

« $T_i = rF_n_i [1 - (R_i/\bar{R})]$ »

9968 *LEI ORGÁNICA 4/2002, do 23 de maio, complementaria da Lei pola que se aproba o concerto económico coa Comunidade Autónoma do País Vasco. («BOE» 124, do 24-5-2002.)*

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei orgánica.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Esta lei orgánica procede da desagregación da disposición adicional primeira do proxecto de lei pola que se aproba o concerto económico coa Comunidade Autónoma do País Vasco, respecto da cal se sinalaba no citado proxecto a necesidade de lle atribuír carácter orgánico, na medida en que, en virtude dela, se procedía á modificación dun precepto de tal carácter.

En consecuencia, e atendendo ás directrices de técnica normativa que aconsellan incluír en textos distintos os preceptos de natureza ordinaria e os preceptos de natureza orgánica, tal como se desprende da xurisprudencia constitucional, a Mesa do Congreso dos Deputados, oída a Xunta de Portavoces, acordou a mencionada desagregación.

Artigo único.

Dáselle unha nova redacción ó punto 2 da disposición derradeira primeira da Lei orgánica 5/2001, do 13 de decembro, complementaria da Lei xeral de estabilidade orzamentaria, que quedará redactado como segue:

«En virtude do seu réxime foral, a aplicación á Comunidade Autónoma do País Vasco do disposto